

MEMORIA ORAL E HISTORIA RURAL. A aportación dos documentos persoais no estudio interdisciplinar das transformacións económicas e sociais na Galicia campesiña do século XX.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
Fac. de Humanidades de Ourense
Universidade de Vigo

"La Historia suele servirnos para negarla ignorándola, o para convertirla con alegría en pura leyenda... Tratamos de arrasar el recuerdo de nuestro pasado como si el futuro de nuestro país pudiera construirse sobre la nada", (Caso, 1997).

Introducción.

A memoria entendida como a percepción do Pasado -finito por definición (Moradiellos, 1993)- dende un presente que a condiciona, é unha forma de retorno consciente e responsable á situacións vividas e xa superadas aínda que o seu recordo resulte doente ás veces. O emprego sistemático dos *documentos persoais*¹ e fundamentalmente, das memorias de vida, grabadas, transcritas e convintemente contrastadas coa documentación convencional admítense a duras penas na historiografía contemporánea, relegándoo en todo caso á categoría dunha simple técnica complementaria, aplicable en estudos de nivel micro a cabalo entre a Etno-Antropoloxía e a as novas tendencias da Historia².

¹ Resulta moi atractivo o concepto amplo de 'documentos persoais' que engloba ás fontes orais, coas fotografías, cartas, diarios, autobiografías e canta información poida existir nos arquivos familiares (Aróstegui, 1996: 380). A imaxe en video e sobre todo a fotografía, é unha fonte susceptible de ser empregada como fetiche evocador e mesmo estruturador da memoria. Actuando como un "flash-back", reflexa un momento determinado e irrepitible que lle permite ó informante reconstruír "estructuradamente" os feitos vividos, dotándoos de historicidade. Compre ter presente por outra banda, que ó ensinarnos as fotografías antigas da familia, ó informante comparte con nos recordos materiais dunha experiencia vivida da que xa nos fixo copartícipes, certificando o éxito na construción dunha relación de confianza mutua co investigador que está a integralo na cultura letrada que o informante adoita percibir como superior.

² Cando nos referimos á *memoria oral*, estamos a introducirmos nunha terra de ninguén disputada por múltiples ciencias sociais xa que antropólogos, etnólogos e sociólogos utilizan enquisas e cuestionarios para teorizar sobre as complexas estruturas sociais que a escola francesa ven chamando 'mentalidades' e que son sempre colectivas (Le Goff, 1980). Pero é precisamente este

A 'observación escoitante' dos entrevistados ábrenos os camiños para penetrar nos mecanismos de construción de identidade e de representación da realidade social vivenciados polos propios informantes³, contrastándoos coas imaxes arquetípicas do campesiñado e do mundo rural que nos ofrecen os documentos convencionais. Compartimos neste sentido, a desconfianza manifestada por Rafael Domínguez (1996: 18-20) con respecto á imaxe de pobreza e atraso das sociedades norteñas que elaboraron os eruditos coetáneos⁴, por tratarse case sempre, de visións ideoloxizadas da realidade que fan 'ostentación da pobreza' para defenderse dun Estado maximizador de impostos e reclutas ou que entroncan coa interesada concepción do campesiñado como salvagarda das tradicións esenciais dun mundo en disolución, tal como demostramos noutro lugar a propósito da cosmovisión galeguista da Galicia rural (Prada e Soutelo, 1997).

Propomos aquí unha análise empírica das posibilidades historiográficas que ofrecen os materiais de natureza oral, fornecidos polos protagonistas anónimos dunhas fértiles experiencias de vida, que constitúen xunto cos restos materiais (fotografías e cartas familiares, apeiros e construcións...) quizais o acervo máis rico e complexo da *tradición cultural* deste país⁵. Pero que ten sido

uso compartido dos documentos orais proporcionados pola memoria o instrumento que nos permite interrelacionar as vertentes socioculturais da Historia e da Antropoloxía derrubando vellos muros corporativistas - arbitrariamente erguidos- ó tempo que nos achega ás prácticas agropecuarias tradicionais que constituían unha forma de diálogo coa Natureza secularmente perfeccionada e que comeza a ser revalorizada como modo de vida máis eco-lóxico e racional que unha existencia alienante nas urbes desta pretendida *aldea global* posmoderna. Sobre as posibilidades dunha fértil relación entre a Historia e a Antropoloxía, poden consultarse as reflexións teóricas, xa clásicas, de Ch. M. Radding, K. Thomas, E.P. Thompson, e C. Wickham no monográfico que lle dedicou a este tema a revista *Historia Social*. Os teóricos da mal chamada 'Historia Oral' andan aínda a debater si se trata dunha técnica (Joutard, 1986; Roger, 1986), unha disciplina autónoma (Thompson, 1978; Mikka, 1988) ou unha metodoloxía, postura intermedia que é a máis acertada porque gana en operatividade.

³ O historiador contemporaneista debe ser quen de empregar dun xeito interdisciplinar todas as fontes e métodos que lle axuden a entender as permanencias e os procesos de cambio nas sociedades contemporáneas, delimitando áreas culturais, analizando as súas compoñentes e intentando explicalas pola interacción das estruturas económicas, sociais e culturais no sentido proposto por G. Bayona (1995: 11). Nós recomendamos a realización personal das entrevistas de campo o mesmo que as posteriores transcripcións, por ser o único método para coñecer a dobre subxectividade do contexto de produción da mensaxe oral antes de empregala como documento empírico para reconstruír aqueles aspectos do Pasado sobre os que nos ofrece informacións, porque, en palabras de V. Fernández (1993: 81), "*los testimonios orales no pueden tomarse sin mas como datos objetivos. Es necesario crearlos partiendo de la narración... Son elaboraciones personales o colectivas que nosotros tendremos que reelaborar hasta crear el documento oral [que] nos hablará tanto del Paso como del presente, pues hemos de arrancar de este para conocer aquel*".

⁴ Resulta sorprendente, precisamente polo que acabamos de expor, que este mesmo autor pretenda estudar os niveis de vida do campesiñado norteño -coa xenialidade á que xa nos ten acostumados- a partir de fontes tan escasas e subxectivas como as impresións duns cantos viaxeiros coas que elabora os cadros 8, 9 e 10, tan curiosos como atrevidos con respecto ós derregos das actuais investigacións sobre o mundo rural na cornisa atlántica (Domínguez Martín, 1997: 65-66).

⁵ Está sobradamente demostrado nos excelentes traballos do profesor Pegerto Saavedra (1994 e 1995) sobre a vida cotiá na Galicia do Antigo Réxime que a cultura campesiña galega preservou formas colectivas de xestión -no triple nivel de propiedade, usufructo e apropiación diferencial do traballo- capaces de tecer redes intanxibles de amizade e contraprestacións que se ofrecían pero

sistemáticamente esquecido pola Historia académica convencional, engaiolada no fetichismo do papel escrito, a pesar de que estas 'lembranzas e cousas de vellos' son as máis das veces, as únicas testemuñas que nos quedan das formas de representar a realidade e de reproducirse socialmente nela que foron deseñando os nosos labregos ó longo do tempo.

Teñamos presente que o secular predominio do rural e a ausencia de grandes cidades na configuración espacio-habitacional de Galicia convértena no escenario social idóneo para o estudio do local na súa variedade histórica e socio-antropolóxica. A *aldea* e a *parroquia* constitúen deste xeito, unidades espaciais perfectamente integradas nas que a intensidade e funcionalidade das relacións sociais están garantidas por unha conformación multisecular que fai do 'local' un elemento orgánico de sociabilidade definido arredor da parroquia e da *bisbarra* como referentes identitarios, non esquezamos que estamos ante "*unha estrutura social, unha comunidade que se adscribe vitalmente a un espacio e que ten consciencia desa integración*" (Barreiro Fernández, 1996: 52-53)⁶. E neste escenario a memoria moldeouse como un arquivo das experiencias vividas e dos acontecementos que modificaron as condicións de supervivencia do grupo familiar e da comunidade veciñal na Galicia rural, porque as informacións e as interaccións que condicionaban a reprodución social dos grupos domésticos nunha sociedade maioritariamente iletrada como foi a nosa ate datas ben recentes, tiñan un espacio de expresión e relacións privilexiado nas canles da oralidade. Trataríase xa que logo, de elaborar unha historia que proporcione "*una imagen con rostro humano de la evolución histórica de la gente corriente*" (Castells, 1995: 12) aplicándolle a metodoloxía da F. Oral ó estudio das procesos de relativa modernización económica e de cambio social na Galicia rural contemporánea⁷. Tense argumentado, non sin razón, que a maioría dos

tamén se agardaban por parte das outras familias veciñas dunha localidade. Compre ter presente por outra banda, que o método da narración autobiográfica permite contextualizar histórica e socialmente o material etnográfico que empregou o entrevistado ó tempo que transforma completamente o enfoque tradicional do proceso de construción da historia dun espacio social, elaborada agora a partir da narración directa dos seus habitantes (Pastor Alfonso, 1995: 31).

⁶ Compartimos a afirmación da profesora A.M. Rivas (1991: 245-246) sobre as posibilidades de análise da identidade nos sucesivos niveis de adscripción e sistemas de representación colectiva dende a casa e o grupo doméstico, ou o pobo e a bisbarra ate as grandes unidades socioculturais comúns a un agregado social que as dota cun valor semántico diferenciado.

⁷ A fonte oral resulta moi interesante por exemplo, para estudar as claves da organización económica e a estratificación social no mundo rural en conxunturas de modernización: o control da propiedade dos medios de produción -fundamentalmente a terra e o gando- por agregados sociais ben definidos e os réximes de xestión dos mesmos co desigual reparto entre as camadas labregas o que determina a existencia dun campesiñado maioritariamente insuficiente (Pérez García, 1996: 313). Tense equiparado erróneamente o concepto de '*modernización*' con progreso económico, entendido unidireccionalmente como desenvolvemento do capitalismo cando a cuestión é bastante mais complexa, sobre todo á hora de analizar as transformacións económicas e os parellos cambios sociais no mundo rural "*ja que les innovacions i les continuïtats sencavalquen diacrònicament (...) i encara és més difícil tractar-lo en realitats que, com la gallega, la irlandesa o la del Mezzogiorno, sembla que pertanyen al domini de les societats inmutables (...) Tant modernització com canvi social són termes susceptibles de diferents interpretacions*" (Fernández Prieto, 1994: 5-6). As teorías neoliberais da modernización non resultan válidas como paradigma interpretativo xa que esquecen a existencia de múltiples agriculturas e sociedades rurais no Estado español contemporáneo (Cardesín, 1992: 324-325). Pode definirse sen embargo, como "*el proce-*

estudios de nivel micro por puntuais, disciplinados e adialécticos, non aportan ningunha novidade e só repiten, aínda que noutro locus de estudio, argumentos xa expostos, constituíndo en definitiva, unha simple reválida empírica de hipótesis previamente elaboradas. Nós convidamos a reflexionar sobre as posibilidades e limitacións que ofrecen as fontes orais empregadas como unha metodoloxía historiográfica complementaria dos documentos convencionais para profundizar na Historia social e cultural do mundo rural, aínda que somos conscientes de que este material "*sufre restricciones y determinaciones más rigurosas que un material escrito desde el punto de vista lingüístico, cultural y social, por lo que viene constituyendo uno de los nuevos problemas de reflexión historiográfica*" (Moniot, 1978: 121-122).

1.- Definición, problemas e perspectivas da metodoloxía historiográfica da memoria oral.

Dende os anos oitenta e a consecuencia da tan festexada volta do suxeito e dos modos narrativos que revalorizan os *documentos persoais*, a lóxica da disciplina nas ciencias sociais está virando cara unha etno-historia que en palabras de R. Samuel (1981), recoñece a funcionalidade das fontes orais para recuperar esa historia subxectiva da vida cotiá dende os novos temas con enfoques micro da Historia local que tiñan sido abeirados pola historia académica convencional⁸.

Os epígonos da escola francesa dos Annales avisábannos xa daquela, sobre os problemas historiográficos que podía suscitar o término '*memoria*' pola súa ambigüidade, pero afirmaban tamén que "*su utilización estratégica puede ser fecunda para la renovación de la historiografía*" (Nora, 1988: 455-458), certificando a lexitimación da memoria como obxecto historiográfico. Impuxeron a diferenciación entre memoria colectiva e memoria histórica co anxeio de acadar uns resultados similares ós que obtiveron os modernistas co estudio das '*mentalités*', pero non foron quen aínda de chegar ó consenso⁹. Admítese sen embargo,

so de introducción de cambios técnicos que transforman la agricultura. Dedicando especial atención a los efectos de las alteraciones en los precios relativos de los factores primarios e intermediarios como impulsores del cambio renovador" (San Juan Mesonada, 1994: 128).

⁸ Con especial incidencia no estudio dos espazos e formas de interacción, representación e reprodución social nas familias e comunidades rurais; dos barrios obreiros coas súas formas de organización e protesta social, do xénero e as formas de dominación non clasista que apenas están aínda estudias para o mundo rural (Bueno, 1995; Nash, 1991; Segura, 1995).

⁹ Uns distinguen entre '*memoria*' (entendida en sentido psicolóxico como registro efectuado nunha cadea neuronal ou como potencia psíquica que permite reter o pasado) e '*recordo*' que sería sobre todo, selección, reconstrución e xa que logo, tamén "manipulación", especialmente cando o recordo anxeia converterse en memoria social no sentido apuntado por Catani (1990: 161; 1993) ou polo propio S. Portelli (1989; 1993) cando asevera que o feito histórico relevante, máis que o propio acontecemento en sí, é a memoria como presión social para non esquecer, xa que o acontecemento recordado actúa incesantemente sobre a memoria colectiva, mentres que o vivenciado se esgotaría na súa breve duración. Este autor emprega o término '*memoria*' como sinónimo de '*recordo*', é dicir: como unha reconstrución psíquica e intelectual do pasado que garante a súa presenza cunha representación selectiva feita por un individuo e mediatizada polas institucións, redes sociais, ideoloxías e linguaxes nas que o narrador está inserido.

que toda memoria é unha produción social dun colectivo humano que fornece o elemento esencial de identidade e percepción que o suxeito ten de si e do agregado co que se identifica, compartindo unha mesma representación do pasado (Halbwachs, 1968; Rousso, 1996). Aceptamos pola nosa banda, que a 'memoria colectiva' sexa o conxunto de records [in]conscientes da experiencia vivida e/ou mitificada por unha colectividade e que constitúen a súa identidade, especialmente ante as grandes transformacións contemporáneas que según P. Nora (1988: 456-457) terían provocado unha multiplicidade socio-profesional de memorias colectivas, abrindo un fértil campo de investigación social¹⁰.

Nos estaríamos aproveitando en definitiva, a revalorización das biografías e memorias de vida como documentación a historiar para plantear un estudio prosopográfico do campesiñado galego no século XX, dende a perspectiva multidisciplinar dunha *microhistoria sociocultural*, sustentada por igual no traballo de campo e na investigación en bibliotecas e arquivos. Recuperando a memoria oral da súa vida cotiá, das formas de acción colectiva e do variado repertorio de respostas dos grupos domésticos ante a formación contemporánea do Estado liberal e duns mercados urbano-capitalista que pretendían subordinalos no económico e marxinalos da participación política¹¹.

A cuestión estriba na operatividade que pode ter a complexa metodoloxía de creación, análise e emprego das narrativas orais e dos restantes documentos persoais para recuperar os restos do pasado recente do noso mundo rural, contrastando este material empírico coas aportacións de tipo teórico-interpretativo que constitúen o estado da cuestión¹². Pode definirse a mal chamada Historia Oral como unha actividade historiográfica que comprende unhas determinadas técnicas e métodos de acceso ó pasado para elaborar discursos sobre temáticas específicas do tempo presente, salvando a imposibilidade xeralizada na histo-

¹⁰ Discrepamos da radical oposición que establece Maurice Halbwachs (1968) entre 'pasado aprendido' como equivalente de Historia e 'pasado vivido' equiparable á memoria, xa que é a racionalización escrita do recordo a mellor garantía para salvagardalo, analizándoo dentro das estruturas temporais ó uso nos pagos de Clio. Rexeitamos tamén, o eclecticismo que impera nalgúns tendencias (neo)narrativas, moi en boga actualmente, porque carecen da mínima reflexión e interpretación que se supoñen consustanciais ás Ciencias Humanas e apostamos por enfoques metodolóxicos da microhistoria como os propostos por S. Caunce (1994) e J. De Juana (1993). Tense insistido na urxencia dunha reconceptualización que ceibe a esta práctica historiográfica tan en boga da súa actual febleza teórica ou da propensión o localismo cómodo e o aporoblemático retorno do suxeito, sen pecharse nos claustrofóbicos enfoques antropolóxicos que soberrritualizan ás prácticas culturais cotiás, ten incidido (García Cárcamo, 1995: 198-202 e 219-221).

¹¹ As familias campesiñas reaccionaron con diversas estratexias que en síntese poderíamos caracterizar como de adaptación económica a través da mercantilización e da pluriactividade (Balboa e Fernández, 1990; Fernández Prieto, 1992; Domínguez Martín, 1996) e de resistencia ó Estado que variaban según a estrutura de oportunidades que este lles ofrecía (Soutelo e Varela Sabas, 1995; Hervés Sayar et alii, 1997).

¹² Para non extendernos aquí nesta cuestión, remitimos á literatura, xa clásica, sobre as técnicas e procedementos para crear a fonte e a relación que se establece entre os novos suxeitos reais que concretizan a Historia e o investigador que nese proceso de reconstrucción dunha "*historia viva*" se converte en historiador (Aceves, 1994; Berg, 1990; Dunaway, 1990; Folguera, 1994; Hammer e Wildavsky, 1990; Joutard, 1984; Pedro e Ramos Flores, 1995)

riografía para construír os propios documentos. Os condicionantes da situación psicolóxica e sociolóxica na que se recupera a memoria oral e os ricos inconvincentes da súa natureza puxeron tamén en cuestión o seu status, motivando reticencias máis ou menos fundamentadas na demanda insistente do "*necesario rigor na recolección e acopio das testemuñas (...) para obxectivar a H.O*" (Aróstegui: 1995: 378 e 380), depurando as [auto]censuras e subxectividades que relativizan a representatividade daquelas tal como propuñan no seu día, R. Fraser (1993) e G. Prins (1991; 1993).

A historia construída con fontes orais é con todo, a única metodoloxía que permite vencellar a práctica interdisciplinar de campo cunha reflexión teórica que trascenda á propia disciplina historiográfica como un todo, demostrando que o coñecemento histórico resulta sempre dunha elaboración intelectual das irreductibles experiencias do suxeito. Neste caso, a produción de documentos é o resultado singular do diálogo provocado coa orixinal relación que se establece entre o historiador e o narrador que actúa como médium para recuperar o obxecto de estudo. Ámbolos dous son contemporáneos e comparten unhas categorías e referentes identitarios que se expresan en entrevistas lexitimadas como fontes polo seu valor informativo ou simbólico dunha visión individual que transcende á interpretación global da sociedade. Estamos ante arquivos provocados a posteriori que non son obxectivos -¿que documentación o é?- e poden recuperar lembranzas transformadas en función de acontecementos e comportamentos posteriores, o que lonxe de ser unha eiva, abre infinitas posibilidades para a historia sociocultural (Becker, 1987: 95-97)¹³.

Tense aseverado a propósito da biografía, que constitúe o campo idóneo para verificar hipóteses sobre as prácticas e o funcionamento efectivo das leis e regras sociais, como canle privilexiada que permite aplicar en historiografía as técnicas peculiares da literatura. Na biografía demóstrase a singularidade irreductible e a liberdade de elección consciente do individuo porque -a pesares das limitacións culturais, sociais e económicas- ningún sistema normativo é suficientemente estruturado para eliminar calquer posibilidade de escolla consciente, de manipulación ou de interpretación das regras de negociación pola persoa (Levi, 1989: 179-180)¹⁴. Introdúcese así unha dobre subxectividade¹⁵ que

¹³ Tivemos unha curiosa experiencia de reelaboración consciente do feito cando entrevistamos ós emigrantes españois que participan na Sociedade Hispano Brasileira de São Paulo e insistían en demostrarnos o seu antifranquismo militante ou o carácter de "emigración técnica" recreados a posteriori na memoria. Non sempre sabemos manter a distancia cínica respecto da fonte no momento de interpretar o documento, evitando caer no fetichismo de narración nin convertela en ficción froito de textualizacións arbitrarias en virtude dos intereses do investigador. Como desafortunado exemplo de investigación empírica que sucumbe ante estes erros pode consultarse o traballo de André Castanheira (1996).

¹⁴ A revalorización das [auto]biografías e memorias de vida como representación cualitativas dunha experiencia colectiva que reflexa unha percepción do mundo, está suficientemente argumentada por P. Bourdieu (1986: 69-72) e G. Rosenthal (1991: 105-110).

¹⁵ O recoñecemento desta realidade non supón unha renuncia a abordar a cuestión dende presupostos científicos baseados na depuración, na confrontación con outras fontes e na adopción dunha perspectiva de investigación sistemática, senón que certifica, por contra, a xénese dese espírito crítico, tal como o plantean J. M. Borrás (1990: 99-100) e Ph. Joutard (1995: 43-62).

nos permite comprender a articulación entre as percepción e representacións dos actores coas determinacións e interaccións dos agregados sociais, situándonos ante algo máis que unha ciencia auxiliar da historia como poden ser a Arqueoloxía ou a Demografía Histórica; estas poden suscitar novos obxectos a historiar dende complexas técnicas de análise, pero son incapaces de crear unha nova documentación nin a ricaz negociación permanente provocada pola interferencia do investigador na vida cotiá da persoa a que pretende converter en fonte.

2.- Algúns exemplos de recuperación da identidade campesiña a través da memoria oral.

2.1.- Transformacións económicas e pluriactividade campesiña na Galicia rural.

As oscilacións temporais da demanda de traballo familiar na explotación e sobre todo, o momento do ciclo reproductivo do grupo doméstico, determinan a asunción dunha variada gama de estratexias pluriactivas polos labregos galegos. O mesmo feito de non ter un oficio suficientemente estable e remunerado obrígaos a acudir a variadas formas de pluriactividade estacional e sexualmente diferenciada. Compre ter presente tamén que, na maioría dos casos, as condicións de vida eran de extrema dureza dende a infancia tal como ten relatado Neira Vilas. En conxunturas depresivas aumentaba o número dos rapaces das casas máis humildes que 'saían' de criados para alixerar alomenos os gastos de manutención que tiña que soportar o núcleo familiar¹⁶. Existía sen embargo, unha 'economía moral' reflectida na aseveración popular de que *'todo o mundo ten dereito á vida'* e que aínda pode rastrearse na memoria oral¹⁷.

¹⁶ Ovidio G. R. de Costa de Monte (Amoeiro, Ourense) resumíanos deste xeito boa parte da súa vida: *"Despois foi cando morreu meu pai a miña nai quedou sola e miña irmá tería ó tempo catro ou cinco anos. Eu fun de criado cun que andaba nas feiras comprando vacas e becerros; anduven esí tirando deles por unha sogá e acarrexando marraus hasta a Peroxa por unha limosna dende que faltou meu pai para criarmos a miña irmá"*, p. 1 da transcripción, Arquivo Oral do M.E.R., o subliñado é noso. O entrevistado naceu en 1915 nunha familia de caseteiros co pai emigrado en Cuba, foi de criado para Ourantes sendo neno e logo traballou na construción do ff. cc. ZOC. Casou ó volver da Guerra Civil, instalándose como caseiro na casa duns labradores acomodados e andubo de 'marraeiro' nas feiras da comarca ate mercar terras e gandos de seu.

¹⁷ *"Si tu tiñas miseria, aínda tiñan mais os outros. As da Ponte Mandrás viñan por un cuartillo de leite e regalábaslo ou vendíaslo por cinco céntimos porque sabías que a ti che sobra (...)* Secábamos un canizo de castañas e facíamos unhos potes de caldo e cunhas castañas secas ou asadas, comías aquilo e era o que había (...) Solo traías carne de vaca cando era pola malla, facías unhas fuentes de patatas con carne e se cadra despois de postre puñaslle requesón que o facíamos nós con leite (...) Como tiñamos muchísimas antenas de mel, puñan nunha barreña aquil requesón tomado, botábaselle o mel e a xente comía aquilo de postre (...) Os outros días veña castañas e papas ou caldo e patatas (...) Cantas veces viñan algúns que baixaban da misa e viñan comer as papas porque sabían que nosoutros tñamos as vacas e como as papas eran con leite e fariña de millo". Extraído da memoria de vida de María Rodríguez Muñoz de Cornoces (Amoeiro, Ourense), p. 4 da transcripción fonética depositada no Arquivo Oral do M.E.R. Destaca especialmente, a escaseza e a monotonía da dieta alimenticia, cuberta polos produtos que proporcionaba a propia explotación logo de descontar os que se destinaban á comercialización mediante o célebre 'rianxo' de produtos frescos levados polas mulleres ós mercados urba-

A historiografía mais recente admite por exemplo, o importante papel que xogaron os **ferreiros locais** como pioneiros no proceso de introducción das máquinas agrícolas (Fernández Prieto, 1992b; Gallego, 1993), xa fora como vendedores ou as mais das veces, arreglándoas e mellorándoas con modelos de fabricación propia, fenómeno que temos recollido en múltiples testemuñas orais¹⁸. A demanda cualitativamente variada e cuantitativamente limitada destes mercados locais, obrigaba estes artesáns a tempo parcial a 'saber facer' ou recompor unha ampla gama de trebellos que as familias labregas precisaban na vida cotiá e nas labouras do agro. Semella tamén que estes ferreiros asentados nas bisbarras rurais do país tentaban manter os seus coñecementos no seo do clan familiar:

"El xa naceu mamándoo porque xa o pai e o abuelo eran moi bos ferreiros e o tío igual. Pero despois il aínda aumentou a mais porque o pai solo traballaba de ferreiro, na artesanía do campo, pero il meteuse en todo: o das máquinas e motores, pistolas e revólveres. ¡Íl arreglaba case toda clase de maquinarias!. Facía cousas que outros non sabían facelas (...) Fora para Vigo con idea de quedarse, estuvo alá traballando nun taller moi bo e despois iba a Escuela de Artes e Oficios de noite e de primeira traballou moito nesto seguindo ise libro de forxados que trouxera o tío del de Lisboa (...) Facía de todo (machadas e machados, cuchillos, fources e fouchiñas, sachas, arados de ferro, ferraxes de carros distes do país) e traballou moito en balcóns cara a Viduedo e para Oseira (...) Xente de Verín e de Ribadavia viñan eiquí arreglar as máquinas de co-

nos: "Antes a vida era triste. Acórdame o tío 'lagarto' que a muller solo lle levaba bica de millo e verdura, patatas non as había (...) Nos íbamos co leite a Orense e vendíamolo polas casas (...) Non nos puxemos ricos pero fartámoslle a moitos a barriga e pra nós chegoulle ben (...) Bota-bámoslle auga e despois cando viña o Roque tirábámolo para que non nos levase a comisaría (...) Tamén levábamos repolos, figos, cereixas, moita vida. ¡Cantas veces fun cunha canasta chea de figos e vendíaos a cadela a ducia! (...) Aquiles tempos que non volvan. Había unhas bolas de pan bregado cunhos cornechos e nós toleabamos por unha bola daquelas pero aínda non facíamos pra peza do pan", entrevista a Amelia González González de Alongos (Toén, Ourense), pp. 13 e 14 da transcripción fonética.

¹⁸ Así por exemplo, Francisco Mosquera (S. Cristovo de Cea, Ourense) lembraba de seu tío que: "il era un artista e **pegáballe ós motores e todo**. Fomos moitas veces eí á fábrica do papel de Lousado que non sei que pasara na turbina que producía eí a corrente eléctrica coa auga do río para os motores eléctricos que había alí e aínda daban tamén pro puebliño de Lousado e para Torguedo (...) E arreglaba motores das **malladoras** tamén; como daquela non había case soldadura cando lle rompían os engranaxes do cambio, il desarmábaos, traíaos e enchufáballe unhos engranes novos a mau a base de serra e lima. Facíalle unhos encaixes axustados en cono para que non se soltaran, despoixa metíaos eí a presión e nin cunha soldadura (...) Despoixa no asunto de labranza fixemos moitos **arados completos**, porque como as fábricas que facían bisagras, vertedeiras e hostias desas quedaron arruinadas pola guerra non había repuestos, facíamos nós os eixes, as vertedeiras, a áncora e todo eso (...) E tamén fixemos **rodicios pra muiños** con cucharas e todo (...) Mais tarde cando eu xa non andaba con il, fíxose cunhos motores de motos antigas e acoploullo a unha erguedora (...) Íl o que se lle metera na cabeza facíao: **comprou un muiño alá embaixo co fin de producir il a corrente; quería facer il a turbina e o rodicio e acoplarlle un motor como fora para producir eí corrente**", p. 7 e 8 da transcripción fonética depositada no Arquivo Oral do M.E.R., a negriña é nosa.

ser, pistolas e todo eso (...) Cando pasou ó de vender as máquinas Alfa, tiña a exclusiva pros aiuntamientos de Piñor e mais para Cea e podía vendelas como representante en toda Galicia (...) E nos anos sesenta daba cursos de bordado en Loeda e en Cea (...) Viñan sempre eiquí arreglar os motores das máquinas de mallar (...) Arreglaba pistolas e revólveres, facía cuchillas pros capadores dos marraus (...) El empezou traballando neso, hasta os trinta e cinco anos ou esí, traballou sempre nas ferramentas da artesanía do campo, as cuchillas pros arados e ferraxes para carros facíaas il todas e para Santa Eugenia e por el fixo moitos arados que nós aínda temos un el no palleiro dises que fixo il (...) Viñano buscar se cadra cando andaban mallando nos pueblos e se estropeaban as malladoras nas eiras. Se cadra era a unha ou as dúas da tarde e a mín dábame lástima pero tiña que ir ás eiras para que puderan acabar de mallar (...) Andaba por moitos sitios, non tiña domingos nin días santos buscando clientela pero con eso foi vivindo e ganou moitos cartiños a poder do seu traballo e do seu sudor ¡sin estafar a ninguén nin roubar a nadie!"¹⁹.

Esta axencia económica dos ferreiros como pioneiros na difusión dos adiantos técnicos debía ser unha práctica xeneralizada no agro galego da primeira metade deste século, dado que controlaban os mercados locais e contaban coa confianza dunha clientela que precisaba os seus servicios constantemente, dependendo en todo caso, da capacidade innovadora do artesano en cuestión, o grao de difusión das novas maquinarias:

"Eu mallei desde Barra de Miño toda esta cordillera hasta a costa do Faro (...) Vendín varias máquinas para Castro de Chantada e para esta ribeira (...) Pra Rouzós de Amoeiro tamén vendín algunha e outra pro zapateiro de Viña en Cea (...) Despois canseime de andar caquelas e fabriquei esta máquina, porque as outras non ventoaban o pan, mallábano pero non o ventoaban e eu alá cando me pareceu, collín e fabriquei esta que malla e ventoa e aínda traballei con ela un chisquiño de tempo, pouco (...) Eu era ferreiro, arreglaba coches e máquinas desas (...) Fun eu aprendendo de todo, pouco a pouco

¹⁹ Entrevista grabada con Remedios López Fernández de As Lagoas (S. Cristovo de Cea, Ourense), falándonos dos traballos de seu home Secundino Blanco, p. 1, 5 e 7 da transcripción fonética, Arquivo Oral do M.E.R. Francisco M. B. de S. Martiño de Lamas (San Cristovo de Cea, Ourense), apuntábanos tamén esta identificación da familia co oficio de ferreiro e o desexo de que este perdure nalgún home da mesma: "Foi unha familia moi experta na maquinaria, porque meu pai que era primo carnal xa traballaba neso e o pai del no asunto dos apeiros da labranza (...) **Xalles viña de descendencia dende os abuelos del**, que inda hoxe se poden ver as cancelas que fixeron para a igrexa ou as mesmas portadas que están destragadas no patio diles (...) E como viña a cousa de transcendencia, cando eu salín da escola e andaba por el, il díxome: "Tes que vir praiquí aprender o oficio, porque ven sabes que esto ven de transcendencia e ó morrer eu quedas tu con esto, porque levamos a mesma sona na nosa familia", p. 5 da transcripción..

aprendín (...) Unhos arados arregleinos e outros fabricáronse naquela época que se traballaba co ganado"²⁰.

Acostumaban a mercar equipos xa usados ou por pezas, confiando logo na capacidade dos ferreiros para adaptarlle os compoñentes precisos, dándose algúns casos ben curiosos de transición dende a paleotecnía da tracción animal á neotecnía da maquinización con tracción mecánica, cun estadio intermedio de máquina movida por tracción animal. As entrevistas recollidas indican tamén que estas terras do noroeste ourensán actuaban como ponte na difusión desta primeira maquinización na provincia, debido á facilidade para as relacións persoais e comerciais co eixe ferroviario de Monforte e coas chairas do Deza²¹. O

²⁰ Extraído da memoria de vida de Manuel Fernández F. de A Peroxa (Ourense), entrevistado o 18 de nov. de 1995 por Milagros López Nóvoa e Raúl Soutelo, pp. 1, 2, 8 da transcripción fonética, depositada no Arquivo Oral do M.E.R. O célebre 'Lebre de Casarizas' é unha auténtica lenda vivinte en toda a comarca. O longo da súa vida exerceu de ferreiro, dentista, radiestesista e na súa forxa-taller innovou os apeiros e máquinas "para beneficiar os traballos da agricultura" según as súas propias palabras. Sendo rapazolo construíu un aparello co que conseguiu remontar ó vo antes de estrellarse, fazaña que se coñeceu na bisbarra e pola que foi entrevistado na TVG, inspirándolle a Chano Piñeiro o excéntrico personaxe de "o Caladiño" para a película *Sempre Xonxa*. Conserva aínda a malladora que el fabricou e outras pezas que demostran a capacidade inventiva deste anónimo Leonardo contemporáneo, sobre a que nos daba máis informacións súa neta Conchita R. F. "Na fonte que nós temos no baixo da casa il empozaba a auga e fixolle unha turbina, entonces abríalle na hora da cena, a auga movíalle a turbina e nós tiñamos luz (...) Tiña catro acumuladores de cristal moi grandes, nos que mezclaba ácido sulfúrico e auga e co aire e caquil ácido nós tiñamos luz, cousa que non había aínda no resto do pueblo".

²¹ Constantino Pérez P. de Viña (S. Cristovo de Cea, Ourense) historiábanos este asunto cunha sorprendente riqueza de detalles: "A primeira máquina que veu praiquí traballaba a mau, dándolle manivela. Tróuxoa un de Lalín que casara eiquí, antes de compralas eu (...) Tiña dúas rodas grandes, cunhas manivelas e dábanlle catro homes, dous a cada lado. Xa funcionaba bastante ben e adiantábase moito. Logo, veu outro tipo delas que penso que aínda hai unha ei ó pasar as Lamas da Agoada, na casa grande da Curbeira que trouxeran unha que traballaba cos bois (...) Tiña unha especie de noria, os bois andaban a volta e tiraban dun cambón que por medio dunha catalina facía xirar o cilindro e xa mallaba case igual ca de motor (...) Eu fun despois esa casa mallar caquela primeira malladora que eu trouxera que era a primeira malladora que veu praiquí, comprárala no ano trinta e oito a un mecánico que había ehi nas Casarizas, o 'Lebre' (...) Despoixa vendina pra Xinzo (...) Daquela aínda se mallaba cos mallos de pau (...) Despois eu comprei outra máquina que tiña eiquí no pueblo de Vilamarín. Aquela vendina pra raía de Portugal e fomos alá con ela (...) Tiña un motor Lister que era inglés, aínda o teño nesa casopiña (...) O desa malladora do 'Lebre' era o motor dunha lancha, fórao mercar eu a Vigo, o Lister tamén o comprara en Vigo (...) As novas viñan co seu motor, como as que empezou a fabricar a casa Ajuria que foi a que trouxo a innovación desas máquinas (...) Pero eu compraba os motores en Vigo porque me saía moito mais barato (...) A malladora despoixa comprábaa en Monforte, que había unha casa que se dedicaba a eso (...) Vendíaa xa usadas, traíanas doutras zonas, pero vendían mais ben as da casa Ajuria (...) As máquinas arreglábamos o ferreiro de Cea, houbo que cambiarlles os estriados dos cilindros porque se traballaba moito e xa estaban gastados. Como il non os sabía compensar non había forma de controlalas (...) Veu o 'Lebre' e compensoumas nun instante, xa tiña coche, un coche vello arreglado por il pero que funcionaba bastante ben". Extraído das conversas que lle grabaron X. C. Sierra e Raúl Soutelo en outubro de 1995, pp. 1, 2, 3 e 5 da transcripción fonética, depositada no Arquivo Oral do M.E.R. O noso informante emigrara a Cuba en 1916 e voltou en 1936. Aproveitaba o mesmo motor da aventadora para facer traballar as rodas do muíño de río durante a época estival e como xenerador de electricidade nas festas populares. Outros entrevistados como Francisco Gutiérrez de Bóveda e Lisardo Pérez de Rouzós (Amoeiro) ou Germán Figueiredo de Longos (S. Cristovo de Cea, Ourense) apuntan tamén estes mercados de ocasión como lugar de procedencia das primeiras malladoras chegadas ós Chaos de Amoeiro e outra regularidade que en absoluto nos sorprende: os

proceso desenvolveuse con especial intensidade ó longo da década do anos trinta tal como ten demostrado L. Fernández (1991:843)²² e veuse truncado pola escaseza de carburantes na posguerra, o que obrigou ós propietarios destes inxenios a buscar fórmulas substitutorias demostrando que posuían unha inventiva e vontade tan sorprendentes coma admirables:

"Cando había unha restricción moi grande de gasolina na época da guerra, as máquinas de mallar tiveron que deixar de mallar aquel vrau porque non lles chegaba o cupo de gasolina que lles daban. Entonces il colleu un motor que está eí arriba e adaptouno para funcionar con carburo (...) Fíxolle un carburador e levaba o carburo nun caldeiro moi grande e il pudo mallar igual aquel vrau co carburo cando ninguén pudo facelo (...) Parouno a Guardia Civil por estar mallando cando ninguén podía facelo, pero tivérono que deixar porque era legal (...) Era unha persona moi prudente no sentido de que il decía que a ignorancia é a nai de moitas cousas e non soportaba a xente ignorante (...) Cando il fixo a máquina de mallar foi porque a xente mallaba e logo ca erguedora tiñas que levantalo para limpalo (...) Entonce púxose e fíxo a (...) Foi un home que pensaba cando non se podía pensar"²³.

A memoria oral resulta tamén moi fértil para coñecer a intrahistoria cotiá doutros 'oficios' emblemáticos da Galicia rural. Ímonos deter no de **muiñeiro** que nos ofrece un exemplo da integración económica das poboacións co nicho agro-ecolóxico que habitaban, neste caso as chairas cerealeiras do Noroeste da

arriscados emprendedores que mercan estas máquinas son en tódolos casos que temos analizado, emigrantes retornados.

²² Francisco Santos de Bóveda (Amoeiro) lembraba a propósito da malladora coa que il traballou ate os anos cincuenta que "*comprárona por 4.000 pts. no 1932 e foi das primeirísimas que houbo por eiqui*"; Germán Figueiredo de Longos (S. Cristovo de Cea) apuntaba neste mesmo sentido: "*eu nacín no ano trinta e dous e xa había moitos anos que a máquina estaba traballando (...) compráraa meu abuelo que estivera na Arxentina con outro socio*"; e Lisardo Pérez de Rouzós (Amoeiro) lembraba tamén que "*nacín no 1919 e sendo eu pequeno plantounos lume porque collíamos a gasolina en latas para o motor da malladora...*". Compre subliñar para non limitarnos ó simple anecdotario histórico, que o factor que determinou a difusión das malladoras e arados de vertedeira na provincia, foi o establecemento da firma comercial Maquinaria Agrícola Tomás Valente en 1926 na cidade de Ourense como concesionario de Ajuria para toda a provincia. Queremos agradecerlle a Carlos Valente e a Manuel Rodríguez Pérez a paciencia coa que rebuscaron nos arquivos da empresa e da súa memoria para ofrecernos unha documentación riquísima para establecer a cronoloxía destes procesos.

²³ A información que nos ofrecía Conchita R. F. a propósito da andaina profesional de seu avó polas terras de A Peroxa, queda confirmada por Francisco G. S. de Bóveda (Amoeiro, Ourense) que recordaba outro exemplo de procura de carburantes que substituíran á preciosa gasolina: "*Inventaban a maneira de traballar e de funcionar porque ó tempo non había máquinas que mallaran porque non había gasolina, pero meu pai tiña porque tiña amizade e conseguiu sempre gasolina (...) E senón, mallábamos con augarrás ou con gas, o motor sênteo mais pero traballa tamén e tiña mais forza con augarrás ca con gasolina (...)* Para encendela botábaselle gasolina no carburador e dende que encendía botábaselle augarrás ou gas e seguía mallando (...) *O gas tamén estaba racionado, pero nós íbámolo conseguindo por estraperlo*", p. 5 da transcripción depositada no Arquivo Oral do M.E.R, as negriñas son nosas

provincia de Ourense, dado que a economía doméstica do campesiñado galego se fundamentaba nos cereais panificables como base do sustento familiar. A seguridade da demanda teceu unha mesta rede de muíños nos que se moía o millo e o centeo dos paisanos, nos máis de mil ríos e regatos do noso país, converténdose a posesión e/ou xestión dun muíño nunha pluriactividade de grande rendemento ate a década dos setenta (Soutelo Vázquez, 1995)²⁴. Esta dedicación pluriactiva permitíalles satisfacer as necesidades do consumo familiar e comercializar excedentes en anos de boas colleitas ou especular nos de escasez como fixeron durante a posguerra²⁵, chegando a desenvolver unha certa especialización por xénero, dado que o coidado do muíño requería tanta habilidade e paciencia como forza física:

"Aquelo non era esclavo de andar ó sol pero eran moitas horas de traballo porque no muíño non se durmía en toda a noite, tiñas que estar collendo nos sacos e botando outros. Nunca podías ir a ningún lado e sempre andabas cheo do polvo da fariña (...) Eu nacera nos muíños -nos do meu papá- e el tamén e para que o vou decir, eu tiñalle cariño ós muíños aínda que son enredosos, pero a min íbaseme o tempo nils (...) Cando el iba cortar o pelo a Cea ou a Amoeiro os sábados e os domingos ou os días de feira, eu iba atender os muíños. Eu aínda fun dous anos desde que il xa non podía pero despois eu non podía xa cos caixóns (...) Naqueles tempos facíase moito

²⁴Benigno R. S. V. de O Xen (Vilamarín Ourense), lembraba neste sentido que *"No Xen collíamos 900 fanegas de pan centeo que era do que comíamos nós e o gando todo o ano, un pouco trigo para as festas e 500 fanegas de millo porque tiñamos poucas naveiras con terra pesada (...) Gardábanse 200 fanegas para sementar o centeo e a ferraia no ano seguinte, vendíanse unhas 50 fanegas para Loureiro e para o mestre de Rouzós que lle cambiaba ó Cacharulo unha ola de viño por un saco de grau. A maioría ibamolo moer a Ponte-Mandrás, a Hermida e a Martinga; os que tiñan burro levábano nil e os demais mandaban ós rapaces cun saco na cabeza, a molida coma os bois, por aquelas corredeiras lamacentas (...) Os muíneiros tiñan a moxega marcada e maquiaban unha libra por cada tega, os da Ponte Mandrás vivían dos muíños. Nos sesenta o muíneiro do Pazo do Rego viña ó Xen cun carro dun macho e levaba il o grau e o millo, pero maquiaba dúas libras por tega. Érache o refrán de que 'mudábamos de muíneiro pero non de ladrón' (...) No vrán aproveitaban a pouca uga das chapacuñas estreitando a buxa para que botase a auga coa mesma forza no rodicio, pero a fariña saía mais brava e toda ela parecía farelo"*. Si creemos que moesen as 500 fanegas de centeo e 300 de millo, obterían 2.500 e 1.500 libras galegas polo cobro en especie do servizo, cantidade que lles permitiría asegurar o consumo familiar e comercializar un importante excedente.

²⁵José Gómez Rey de Reádegos (Vilamarín, Ourense) contábanos que *"Meu sogro, que daquela tiña cinco fillas, non se vía moi sobrance si non fora polo muíño que herdara súa muller, iba pra alí, coidaba o muíño e cas maquías foi sacando a familia pra adiante (...) Pero foi cambiando a vida e os muíños do río empezaron a non ser rentables pola competencia dos muíños eléctricos ou de martillos. Pecharon e agora están caendo"*, p. 7 da transcripción fonética. Outro entrevistado apuntaba o mesmo fenómeno: *"Cando meu sogro tiña o muíño, vendíalle o trigo e o centeo mudas as panadeiras de Cea, xa viñan arrieiros a buscarlo. Cando lle sobraba tempo de moer e coidar o muíño, mezclaba o millo das maquías con centeo e facía il pan no forno que hay preto do muíño. vendíallo ós veciños e ós que viñan a moer ou comíano eles na casa (...) Eu aprendera con meu pai, nos muíños do pazo do Rego e cando casei coidéino unhas anos, pero deseguida viñeron as molineras eléctricas e chamáronme para traballar na de Maside"*, extraído de la conversación grabada con Manolo de A Ponte-Mandrás (S. Cristovo de Cea, Ourense).

porque había moito que moer, nesa habitación xuntábamnos unha pila de graú as veces e vendíamos o que sobraba do gasto da casa (...) Eu de solteira andaba de costureira, tería por eí catorce anos cando aprendín cunha irmá do A. Ó principio eu non gañaba nada, despois empezaron a darme 25 cts. (...) Despois ó casar eu xa pouco cosín porque a costura daba pouco daquela (...) Nós despois colléramoslle eiquí a tienda o tío B. e estaba eu na tienda"²⁶.

Poderíamos considerar tamén que as actividades de comercio ambulante e máis ou menos ilegal como o célebre 'estraperlo' da posguerra do que nos ocupamos noutro lugar (Prada e Soutelo, 1996) son outra forma de pluriactividade campesiña na que xoga un papel especialmente destacado o elemento feminino, dentro dun modelo de optimización por xénero da forza de traballo familiar (Domínguez Martín, 1996) do que ofrecemos un exemplo no anexo²⁷. Non imos insistir aquí nos excelentes resultados que ofreceu no seu día a F.O. no estudio da represión franquista (Prada, 1993; Núñez Seixas, 1993) e das estratexias de resistencia campesiña de baixa intensidade, senón que ofrecemos a modo de exemplo, un fragmento que ilustra como Outro tanto poderíamos decir do lucrativo comercio de wolfram que axudou a mitigar a fame de moitas familias labregas nos primeiros anos corenta²⁸. Debemos sinalar finalmente, que naque-

²⁶ Extraído da memoria de vida de María Rodríguez Conde de A Ponte-Mandrás (S. Cristovo de Cea, Ourense), pp. 1, 3 e 6-7 da transcripción fonética, depositada no Arquivo Oral do M.E.R.

²⁷ Véxase como exemplo de explicación detallada dos condicionantes familiares o fragmento que sigue: "*Tiñamos cinco vellos na cama e entoncos cumpría ganar cartos porque co que ganaba meu pai non chegaba para soste a casa (...) Meu pai andaba nas feiras tamén e non podía ir a todos os sitios, os meus irmaus cumprían tamén para traballar e eles rozaban e traballaban duro na casa. Eu tamén cumpría pero quedaba a miña mai e a miña abuela que daquela aínda podía algo (...) Entoncos foi cando me metín eu ó estraperlo (...) Antes deso xa anduvera unhos dous anos meu pai, porque il entreveraba as feiras co negocio do estraperlo; il por eso non deixaba as feiras e atendía ós dous negocios, había veces que se cadra viña da feira, collía a besta e marchaba sin dormir. E cantas veces dixo que viña pola carretera andando coas bestas polo ramal e il dormindo (...) Il era tratante de ganado e antes da guerra non tratara no graú nin nesas cousas, solo se meteu despoixa, porque nesa época cumpría todo e toda a xente andaba neso (...) En Cea pasouse moita fame porque a parroquia de Cea era moi pobre en terras, entoncos os homes vivían da coza da muller, non traballaban nin había para onde salir para sitio ningún traballar e estaban metidos nos fornos!". Extraído da memoria de vida de Purificación Rodríguez Álvarez (Castrelo de S. Cristovo de Cea, Ourense), pp. 4, 8 e 15 da transcripción fonética, depositada no Arquivo Oral do M.E.R. Semella que a propia situación de fame da posguerra converteu a supervivencia en obxectivo prioritario, deixando sin razón de ser a lóxica puramente monetaria que se reducía ó tópico de traballar por un bocado de pan. A mesma entrevistada lembraba que: "*¡Moitos xornaleiros viñannos hasta sin cobrar!. Aparecían na casa solo por comer, porque había fame (...) ¡A mañá cando nos levantabamos, había se cadra 12 personas a porta e non cobraba ningún, viñannos axudar! (...) E tamén necesitaban os cartos pero non querían cobrar porque viñan comer todo o día e eran veciños de meu pai, da parroquia de meu pai. Nós nunca tuvemos que chamar nin para segar o pan. Cando era para a escasca do millo, a unha noite aparecían se cadra 9 ou 10 personas para escascar o millo sin nos decir nada"*, p. 9 da transcripción fonética, a negriña é nosa.*

²⁸ María González Pérez (Sampaio de Ventosela, Ribadavia, Ourense) contábanos sobre esto: "*eu nacín en Sampaio e casei en Castrelo, eí fixémonos cun forno e traballamos, primeiro vendendo o pan polos pueblos adiante cun cestiño a cabeza, tarde e mañá para vivir no mundo, con moitos traballos (...) Despois compramos un burro e xa íbamos co burro polos pueblos adiante (...) E ó*

las comarcas onde se desenvolveu unha especialización productiva de tipo viti-vinicola, se percibe nidiamente a existencia dunha gama máis variada de 'oficios' entendidos como pluriactividades temporais de tipo case sempre estacional coa excepción daquelas vencelladas á comercialización do produto final, no caso que nós temos analizado, os afamados caldos do Ribeiro²⁹.

2.2.- Dominadas polo xénero, explotadas pola clase: ser muller labrega na Galicia rural.

As mulleres desempeñaban moitísimas tarefas na casa-explotación dende ben cativas, tendo polo xeral, menos oportunidades para 'desertar do arado' cos varóns. A estratexia mais extendida neste sentido, consistía e 'aprender a costureira'. Trátase dun oficio de solteiras que se converte nun interesante complemento para a futura familia da muller casada. Coidábase en principio, que 'aprender o corte' podía funcionar tamén como unha estratexia familiar para dotar ás fillas de certa independencia económica, facilitándolles mellores condicións de acceso ó mercado matrimonial como posuidoras de habilidades moi útiles para a futura familia que ademais, exercían o seu oficio por moitos domicilios. As entrevistadas subliñaron sen embargo, que a consecuencia non dese-

chegar a casa, cavar algo, poñer unha hortiña para ter unhas patatas e unhas cousiñas desas para comer, coidar dos rapaces, facer de comer e atender a tienda cando xa iba un canso de traballar (...) Había que amasar a mau hasta que compramos unha amasadora e como o forno era de leña, había que comprar a leña ou ir ó monte por ela (...) E tivemos unha tienda que fun ganar os cartos a Portugal traballando no contrabando. Íbamos tres cuñadas ó estraperlo, eu forrei os cartos para poñer unha tienda e a outra tamén ganou para poñer unha taberna en Orense, naquela calle dos viños onda a catedral (...) Primeiro traíamos roupa e fío, pero despois a roupa xa pouco valía e traíamos café (...) Nós éramos nove irmaus (tres homes e seis mulleres), comíamos solo bica de pan millo. ¿Oíches?. O pan millo mezclado con trigo ou centeo, sabe moitísimo e sempre está fresco (...) os irmaus marcharon de novos prás Américas-a Cuba e a Buenos Aires- e viñeron si me descoido como foron (...) Casáronse e xa quedaron por eiquí ganando un xornalciño como podían, cavando a xornal para onde os chamaran (...) Eu tiña dous rapaces e que facíamos na casa sin ter que meter na boca. Fun ó mineral de wolfram de noite que decían que non se podía, ibase cunha sachola ou con un martillo, porque como caía mui menudiño si se cavara cum sacho perdíase (...) As veces descubríamos un filón e entonces, ó saber que salía elí iban todos (...) ¡Pagábano a 15 pesos o quilo e xa íbamos ricos!. Moitos ganaron para poñer un negocio de viños en Vigo ou si tiñan o grandíño a medias ganaron para polo de seu (...) ¡Hai antes, meu amigo, o que non andaba voaba!", pp. 1-2, 4 e 6 da transcripción fonética.

²⁹ Rafaela de Ervedelo (Cenlle, Ourense) contábanos que "os **corredores** viñan cos **carreteiros** ou cos **arrieiros** que traían recuas de mulas, todas enganchadas e levaban o viño en pelexos, tardaban moito tempo en levar unha bodega de viño e agora veñen cun camión e lévana toda nun viaxe (...) Os **corredores** axudaban a facer o trato do viño pero había que lle dar tres pesos en moio do que se axustase (...) Meu pai foi a Cuba moitas veces para pagar o que compramos (...) Era un carpinteiro de primera, estas cubas fixoas todas el e **iba por el arriba facendo cubas** (...) Viñannos os **cesteiros** a casa, eran delí donda Mondariz e traballaban moi ben. Pagábamoslles por día de traballo e dábasselles a comida (...) Os **xornaleiros** viñan da montaña para cavar sobre todo, cobraban en viño e traían sacos de millo. Pero tamén había **xornaleiros** eiquí na nosa terra porque moita xente iba unhos días a cava ou a poda (...) Despois viñan os **estiladores** e pagábaselle por pote, a familia dos **Zorros da Pena** eran todos **estiladores**", extraído da entrevista realizada por Manuel Villar, Santiago Míguez Amil e Raúl Soutelo, pp. 5, 15 e 21 da transcripción fonética, a negriña é nosa.

xada da súa 'deserción' dos traballos da explotación familiar, iba parella ós escasos rendementos pecuniarios da costura³⁰, percibíndose ó longo das entrevistas o orgullo con que conservan a súa máquina como símbolo principal dun oficio que lle deu certa independencia económica ó tempo que a liberaba das penosas tarefas do agro:

"Aprendín a costureira cunha muller que cosía moi ben, era do pueblo da Eirexe e andábamos polas portas, o mais que salíamos era pola Iglesia, polo Burguete, por Fondo de Vila, por Vilaboa e Fontao.; Ela iba a Trasalba as veces, facer roupa de home; eu con ela alá non iba, eu cosía todo o ano e as casas mellores de Amoeiro tiñachas eu. ¡Podíache ter a casa dos Sotelo, pero como non era do noso partido, non me quixo meu pai!.. (...) Despois fun aprender o corte a Orense e cosín en Orense (...) Ó tempo eu xa era mociña e levaba un vestido negro, como cosía levaba unhas cintas esí enrolladas e levaba dúas enaguas esí por baixo [P.2: Outra cousa ,vamos a ver: os mozos a hora de casárense ou de buscar unha moza, polo feito de que Vde. fora costureira. ¿Influía en que tivera máis mozos?] Bueno, eso non, por eso non. ¡Cada un gustáballe a súa!. Si non querían todos vir para onda min e esí non podía ser, había que repartir (...) ¡Eu érase unha boa costureira!. Fíxenlle unha sotana a un cura que non me acordo si tiña que ir a Vigo ou a Madrid, díxéronlle que eu cosía moi ben, entón un día chamoume. ¡Non lla facía nadie do mundo!. Levoume oito días a sotana, cobraba seis reas cada día. ¡Eu era das mellores que outras cobraban a pta. sabes! (...) Pero despois tuven que me botar a traballar eidos a medias, porque eu cosía moi ben pero non me daban os cartos (...) Ós nenos trouxenos sempre moi limpos, moi ben remendadiños; un señor que estaba na vía co meu marido, decíalle: "¡Tu tes moi boa tapadeira que vas roto e ves sempre cosido!". Víñanche molladiños deiquí para abaixo, eu quedáballe secando os trapiños, coséndolle o pantalón e secándolle os zapatiños pro outro día. Levantábase, acomodaba o gandiño. ¡Porque eu nunca quixen mungir as vacas, nunca poden mungir as vacas! (...) ¡Pero eu ós rapaces limpiños e ben cosidos trouxenos sempre!. Pódeo decir o pueblo todo (...) A máquina compreina cando tiña trece anos. ¡Díxenlles que ma levasen cando morrese, que ma enterrasen onda min!. Co cariño que lle teño, levo toda a vida con

³⁰ "Eu antes era costureira, aprendín cunha irmá do Abellás que casou ei e despois andaba a coser nas casas, tería por ahí catorce anos. Eu tiña que lle pagar ela, moito non era porque que iban cobrar daquela. Eu non ganaba nada, despois empezaron a darme vintecinco céntimos. ¡Mira tu, esí nas casas por me dar algo como era unha rapaza!. Anduven por ahí de costureira hasta que me casei. Dende que casei pouco salín, porque despois logo houbo familia e o ter familia xa non é nada; non traballei para fora, así para a familia, despois eu pouco cosín, a costura daba pouco daquela, non valía pena", entrevista a María R. Conde de A Ponte-Mandrás (San Cristovo de Cea, Ourense), p. 3 da transcripción.

ela. No, agora está vella e hasta está sin limpar. Inda estuwen cosendo o outro día con ela. Custou vinteún pesos, tiña eu trece anos. Porque eu aprendían a coser de doce anos e a ama tiña unha arca e ela iba as veces traballar (buscar un feixe de leña ou calquera cousa) e deixábame a min llautra que tiña elí, entonces vimos unha máquina metida dentro da arca. Entonces cando marchaba ela, abrimos a arca e veña, veña, dalle, dalle. ¿E para quen era?. ¿Era para min!"³¹.

As entrevistas realizadas á varóns parecen indicar que a situación económica da familia e a 'cultura operaria' da muller eran factores moi tidos en conta á hora do noivado, xa que o que se buscaba fundamentalmente, era unha socia cualificada para fundar e/ou xestionar unha explotación agrogandeira como obxectivo co que iría indisolublemente unida a reprodución social do agregado doméstico:

*"Eu aínda fun para onda a Dolores de Santa Baia ben tempo, aínda está solteira (...) Non era mala persona pero **era algo parada e non lle gustaba traballar** (...) Eu fun un home que por eiquí non os houbo máis escravos ca min nin mais traballadores (...) A miña Carme era moi boa muller e moi tal e cual para falar cos veciños ou para ir ó cementerio pero esí non se gana a vida e ela deixaba a casa caída"³².*

Queremos subliñar para rematar xa este apartado, que co inicio da longa noite de pedra naquel tráxico verán de 1936, as mulleres resultaron ser as vítimas propiciatorias no altar do terror fascista e das venganzas persoais desatados nos primeiros meses da Guerra Civil³³, aínda que a súa implicación nas protestas e movementos sociais da época apenas superara a esfera do puramente testemuñal:

"As mulleres ó tempo non se metían en nada de nada, na casa e traballar o campo e era o único que facían as mulleres (...) As chavalas solo íbamos á manifestación porque era a única festa que había (...) Nós o que queríamos era bailar e non había outra cousa, non había un cine nin había unha música nin había nada de nada. Vivíase esí e aquilo éranos unha distracción (...) Eu cosía algo tamén pero traballabamos nas cousas de labranza claro, traballabamos todos (...) A Paca,

³¹ Extraído da memoria de vida de Generosa Caride Vázquez (Parada de Amoeiro, Ourense), pp. 1, 3, 11, 21 e 22 da transcripción depositada no Arquivo Oral do M.E.R.

³² Memoria de vida de Ovidio G. R. (Costa de Monte, Amoeiro), pp. 1 e 4 da transcripción, a negriña é nosa.

³³ Obdulia A. G. de Afonsín (Amoeiro, Ourense), relatábanos en novembro de 1990 que daquela: "Fixeron coser as mulleres na casa do cura que eu aínda cosín tamén pro exército. Fixéronnos reunir a todas as que tiñamos máquinas e que sabían coser algo e a ir a coser á casa do cura (...) Eu como estaba enfrentada polo meu marido negueime a ir, amenazáronme muchísimo e despois finalmente por medio do cura mandáronme os calzoncillos á casa e tiña que facerllos na casa", p. 7 da transcripción fonética depositada no Arquivo Oral do M.E.R.

estuvera traballando de criada en Vigo, estaban alá moitas irmás e estiveran de niñeras e despois puxérase mala do pulmón e despois con estas cousas xa non soupen mais dela (...) Prendérona cando foi o asunto da guerra e despois desapareceu. ¡Parécemo que nin a familia sabe onde a mataron! (...) Todo empezou polo traballo! Porque o único traballo que había era o ferrocarril que estaban facendo entón. Pero non había outro traballo máis ca ese ¡alí claro, entraban por amistad! (...) ¡Pois traballaban por amistad! O que tiña amigo, xa sabes como agora, o que ten padriño bautízase, e o que non ten padriño non se bautiza, por moito que a cousa vaia indo pra diante é así (...) Despois tuvéronnos a todas cosendo camisas pro exército. Había que ir non sei si era un día cada semana ou máis, tiñamos que ir a un sitio e unha tarde eu unha mañá ou un domingo, cando o cura nos mandara, non era eu eramos todas-las que sabíamos coser entón tiñan que ir elí e coser pro exército"³⁴.

2.3.- A presenza dunha "cultura agrarista" na memoria colectiva: relacións clientelares e economía moral do campesiñado galego.

Consideramos que a metodoloxía da fonte oral pode axudarnos a profundizar na imaxe e operatividade social das redes de relacións que funcionaban a nivel local dende a Modernidade e teñen sido interpretadas polos científicos sociais baixo o paradigma negativo de 'caciquismo' ou 'clientelismo'. A memoria oral achéganos a interiorización e representación nos imaxinarios colectivos das estratexias de formación e actuación das elites e das organizacións que as desafían coa súa acción colectiva, competindo con elas pola xestión autónoma do poder e dos recursos locais. Non é este o lugar para extendernos sobre un tema que merece unha ampla monografía como a que está a elaborar Miguel Cabo e tampouco pretendemos exercer de iconoclastas relativizando a pegada real do movemento agrarista na sociedade galega das tres primeiras décadas deste século, pero compre subliñar que os resultados do noso traballo de campo recuperando narrativas orais, evidencian o feble recordo das mobilizacións agrarias de anteguerra nunha memoria que quedou traumatizada pola guerra civil. O **agrarismo** foi un complexo movemento social que reivindicaba activamente o saneamento da administración local, a participación popular na xestión política e a modernización técnico-productivista das explotacións campesiñas, inseríndose nos mercados urbanos. Desenvolveuse no novo escenario de oportunidades políticas definido no marco legal da Lei de Sufraxio Universal (masculino) de 1890 e da Ley de Sindicatos e Asociacións Agrícolas de 1907 e estivo moi influído polas experiencias sociais dos labregos que coñeceron as formas de acción colectiva e as ideoloxías de protesta das clases populares ur-

³⁴ Extraemos este anaco das conversas grabadas en xaneiro de 1991 con Dolores Gómez Rodríguez de Fondo de Vila (Parada de Amoeiro, Ourense), pp. 1-2 e 7 da transcripción fonética depositada no Arquivo Oral do M.E.R.

banas. Rachou o sistema de lealdades tradicionais da comunidade campesiña con respecto ós notables locais, desafiándoos abertamente e recorrendo a un variado repertorio de formas de protesta para resistir ás exaccións do poder local ou para coaccionar ós indecisos. Entre estas destaca o uso instrumental a *violencia*³⁵ ou a deslexitimación social do *free-rider* que non se identifica nin participa na acción colectiva da comunidade, retirándolle o saúdo ou excluíndoo do sistema de entreaxudas e lealdades comunitarias:

*"Recordo que elí no meu pueblo, en Outeiro, éramos dous os que íbamos a sociedad esa e había un fulano que ríase de nos: "¡Bueno, eí van prá suciedad!" (...) E despois o carallo, a "suciedad" foi a que puxo esto en liberdade, ¿Sabes?. Que despois había outra cousa mais: o que non era socio facíano ser a forza (...) E si non quería boicoteábano. Non lle facían nada e il tiña que valerse por si solo, non lle axudaban a nada. Anque lle ardera a casa ou lle afogaran as vacas non lle axudaban a nada e entonces tiña que virse"*³⁶.

A pervivencia dalgunhas formas tradicionais de resistencia campesiña que os sociólogos cualifican como 'reactivas', explícase polo baixo risco que entrañan e súa alta efectividade como por exemplo, o boicot ós propietarios rentistas que no acepten redimir o foro ou a destrucción de bens materiais para forzar unha negociación entre os actores sociais implicados:

"Había 13 sociedades agrarias, unha en cada parroquia. Fixéranse cando fora o boicot pola redención de rentas á Casa de Láncara, un ano que a xiada non deixara nada e pedíuselle o perdón da renda aquil año; non o quixo facer e declaráronlle o boicot, debeu ser no 1921. A don Bernardino Vega, o maestro de Graices, que era o apoderado da Casa de Láncara, queimáronlle o boi na casa, plantáronlle lume a herba e

³⁵ Entendemos que a *violencia* é unha dimensión antropolóxica complexa e omnipresente na evolución histórica das sociedades humanas, como unha forma de relación social para a resolución non pautada de conflitos en calquera conformación particular das sociedades. Desaxustes que Aróstegui (1994: 19; 1996: 12-13, 16 e 25) entende como violencia social, concluíndo que todo proceso de vertebración ou reprodución social conleva actos de violencia instrumentados no eterno conflito entre gobernantes e gobernados (ós que lle reserva a categoría de violencia política), pero sinala que o Estado moderno regula as pautas de uso da violencia, criando un orde novo nas relacións sociais determinadas polo dobre control da autoridade pública do Estado que monopoliza os instrumentos de violencia legal e do mercado a través da liberdade nos contratos de traballo (Cardesín, 1995; Domínguez Martín, 1996). A sociedade agraria de Tintores, por exemplo, queimalle unha palleira a Celedonio R.D. que se negara a secundar a folga de vendimiadores declarada nas terras de Verín (Ourense) e tocan as campás da igrexa para comunicarllo ós veciños (*La Región*, 25 de setembro de 1922), medida que se reserva nas parroquias galegas para os casos de emerxencia ou perigo inminente.

³⁶ Extraído da entrevista con José Conde, canteiro e labrego de Costa de Monte (Amoeiro, Ourense), p. 5 da transcripción depositada no Arquivo Oral do M. E. R., a negriña é nosa.

non lle deixaron sementar nada nin recoller o froito cos esquiros que lle viñan de Vilarrubín³⁷.

A **emigración** foi sen dúbida, o proceso social que máis contribuíu a creación dunha identidade colectiva no campesiñado galego. Lonxe da súa terra comezan a organizárense en asociacións que xogarán un papel decisivo na dinamización dos imaxinarios colectivos e dos comportamentos sociais nas parroquias de orixe. O concello de Vilamarín en Ourense, converteuse nun escenario privilexiado da actuación das sociedades de emigrantes *Alianza de Vilamarín* na Habana e *Hijos de Vilamarín* e *Unión de Vilamarín* en Bos Aires, pero sobre todo, dos retornados que acababan integrándose na elite local ou dirixindo ás organizacións agrarias que desafiaban a aquela. O seguinte fragmento preséntanos unha imaxe do caciquismo marcada pola aceptación e case admiración do cacique, ben diferente do modelo conflictual que nos ofrece a historiografía convencional sobre o clientelismo político:

"Francisco Pérez era o que estaba eiquí de maestro, era un individuo tan listo que nos deu clases a moitos sin ser mestre nin nada nesta casa que había eiquí desde que volveu de Cuba. Directamente no aiuntamiento non estubo nunca, nunca foi alcalde nin nada, pero era un home que tiña moitos ascendentes e moitas amizades en Orense. ¡Estuvera en Cuba moito tempo e sendo un paisano sencillo incluso había diputados que viñan eiquí a súa casa!. Él non estaba no cargo pero era raro que estivera alguén desempeñando algún cargo que él non o manexara. Despois tuvo unha filla maestra, ós fillos crióunos en plan de ricos; tuvera outro que era o que estaba antes de meu ir nau de escribiente no aiuntamiento (...) Primeiro foi un dos que organizaron eiquí a sociedade agraria e despois estaba totalmente en contra porque había outros, coma o Manuel do Pilo e algunchos mais que tiñan a capacidade que podía ter il. Nesta casa que agora está remozada había unha casa que era da Sociedade de Agricultores e Oficios Varios e eiquí había reunións. Eu era moi novo pero estuven

³⁷ Memoria de vida de Daniel de Louredo (A Peroxa, Ourense), labrego agrarista de 82 anos e membro do comité local do PSOE de Graíces. Arquivo Oral do M. E. R. Nótese que o entrevistado lexitima a acción violenta como reacción perante a insolidariedade do rentista nun ano de malas colleitas; figura típica da 'economía moral' thompsoniana que nos aparece noutras entrevistas que temos analizado: *"A xente estaba analfabeta de todo polo caciquismo do Miranda pero foi boicoteado na redención de rentas e foros polas sociedades agrarias porque veu unha helada e levou o viño todo na parroquia pero il cobroulles as rentas igual e tiveron que comprar o viño para pagarllo ó señorito. ¡O pueblo víase afogado!"*, extraído da memoria de vida de J. B. Sánchez de Parada de Amoeiro (Ourense), grabada polo autor destas liñas en xaneiro de 1992, p. 15 da transcripción, o subliñado é noso. O impago das rentas forais supuña unha revolucionaria violencia económica e institucional que desafiaba a hexemonía social dos propietarios que fornecían a elite local encastelada na representación do Estado Liberal. Domínguez Castro (1992, 98) insiste sen embargo, en que a acción colectiva das organizacións agrarias non chegou a constituir un problema para o Estado ate que o abolicionismo se converteu nunha alternativa real a comezos dos anos vinte. Son maxistrais tamén as páxinas de difusión que Ramón Villares (1982) ten escrito sobre este tema.

*nalgunha por ver aquela cousa nova (...) Estaba de presidente ise Manuel Guzmán Santeiro que tiña a fábrica de madeira, era un home cunhas ideas moi boas porque recordo que en canto había algún pleito destes que había sempre nos pobos, era o mediador que sempre chamaba á xente para arreglalos e incluso facía o arreglo tal e como quedaba despois na sentenza. Fora a Cuba de moi novo, con dezasete anos porque tiña un irmau en Cuba moi rico que esa foi a maneira de poñer a fábrica con outros tres que tamén estiveran en Cuba (...) A maior parte dos que foron deiquí para Cuba viñeron con outra cultura que non levaban ó marcharen, porque ó parecer había unha sociedade á que iban a clases a maioría dos que podían. ¡O sea que os instruíron un pouco!. Iste Manuel por exemplo, era un home que estaba preparado, de ideas de es-
querdas"³⁸.*

O material empírico indícanos que a petición de favores ós intermediarios poderosos para promocionar ás personas ou defendelas perante a Xustiza, era unha realidade social moralizada na lóxica do sistema cultural campesiño, que asumía a contrapartida de renovarlle mediante o voto a súa confianza o *political middlemen* que demostrara a súa capacidade na protección e xestión dos recursos políticos e sociais confiados pola comunidade. Isto permite que a pesares da relativa modernización dos comportamentos sociais e políticos no fervente lustro republicano, non se rachase a continuidade no poder económico e social a nivel local. As vellas elites locais seguían intermediando a comunicación entre a sociedade rural e o Estado, adaptándose tendencialmente ós cambios no poder central e mantendo poderosos instrumentos de coerción que lle permitirán a postre, recuperar o control municipal que perderan na primeira dictadura e preservar o seu status e espazos autónomos de poder. Velaiquí a dimensión coercitiva mais cruda deses instrumentos de poder:

"O cura tiña moitos cartos e prestáballos á xente deli si por exemplo querías comprar unha finca e si tiñas con que responder ibas onda él, si non tiñas con qué responder nada (...) E il deixábachos cobrando os seus intereses e as súas cousas, pero solucionábache ese problema. Era boa persona porque solucionáballe moitas cousas esí á xente (...) Os domingos ó salir da misa a xente esperaba a que salise o cura e pedíallos (...) Os curas ó tempo cobraban por todo e non gastaban nada

³⁸ Entrevista con Ramón Pulido de Vilamarín (Ourense), p. 7 da transcripción, a negriña é nosa. A axencia social de 'Pancho de Reádegos' é cando menos curiosa: emigrara a Cuba con catorce anos e regresou no 1909, encetando unha proveitosa acción social como organizador de agrarias parroquiais en Vilamarín e Coles; resultou elixido concelleiro agrario-liberal polo Art. 29 e acadúu como representante municipal á III Asamblea Agraria de Monforte; exerceu de secretario da sociedade agraria ate 1917 e mestre da escola de Reádegos sostida dende 1906 co diñeiro das organizacións dos emigrantes; representa ó Comité Agrario Provincial nas festas das escolas agrarias da bisbarra e na fundación da Federación Provincial Agraria que integra a 50 sociedades e sindicatos representando a mais de mil labregos. Logo pásase ós conservadores, controlando as institucións locais ate 1930, pese a célebre folga agraria de 1923.

(...) *E como ós curas todo o mundo lle iba traballar sin cobrar nada, entonces claro, él quedáballe todo libre e aínda vendía viño*³⁹.

Con estas notas sobre algúns usos posibles da documentación oral, queremos insistir na necesidade de realizar investigacións empíricas que conecten os diferentes ámbitos de coñecemento das chamadas Ciencias Sociais, porque cada vez que arañamos na tona posmoderna dos imaxinarios e comportamentos colectivos da Galicia actual, aflora *un país de labregos* que loitaron durante moitas xeracións para que os seus fillos poidéramos acceder a Cultura oficial que se imparte nas universidades. É hora xa de que lles demostremos a utilidade social de tantos esforzos: como científicos recuperando a memoria da súa experiencia vivida para elaborar unha historia que sexa tamén a do vivir diario das xentes sin Historia, e como cidadáns extraendo as reflexións que sexan aplicables para perfeccionar a convivencia nun modelo de sociedade mais participativo e mellor integrado co medio eco-lóxico que os campesiños galegos souberon salvagardar.

³⁹ Entrevista a Dolores G. R. (Fondo de Vila, Parada de Amoeiro, Ourense), pp. 8 e 9 da transcripción fonética.

Anexo 1: Un exemplo de pluriactividade feminina na posguerra:

"Eramos oito irmaos, eu era a máis vellas e os outros sete irmaos despois de min, e cando foi a guerra pasamos as de Caín, non fame, porque a nosa casa era unha das mellores do pueblo, de fartura de centeno e maiz para cocer pan que nunca pasmos fame de pan, matábanse dous ou tres porcos, tiñamos dúas ou tres vacas, había sempre leite, había huevos, gallinas, había polos (...)

A nosa casa era unha casa fuerte, pero de moito traballar, meus irmaos traballaban moito, sempre traballando no campo (...) A mamá daba a luz e logo iba pro campo e eu criaba eses nenos, facía de comer, limpiaba a casa, lavaba, planchaba, facía todo eu, pero no campo anduven pouco, de solteira non anduven moito no campo (...) Meu marido estivo traballando na vía, nese túnel de San Fiz despois da guerra (...) E estaba delgadoño, moi delicadiño, nunca foi gordo, e por dúas veces quitárono desmaiado do túnel. Estaba co martillo e quedárase inconsciente naquíl polvo (...) Buscáronlle un traballo en Barcelona e marchou él pralá que estaba moi ben colocado naqueles tempos e paraba cunhos amigos. Eu quedaba en estado de catro ou cinco meses eiquí coa miña nai (...) Cando xa tiña o neno catro meses fun para Barcelona, el xa tiña un pisiño e eu tiña unha máquina e cosía pra fora (...) Cosía saharianas para unha fábrica que llas vendía ós militares e ganaba tanto coma él, pero eu traballaba moito (...) Ós nove meses caeume il enfermo do pulmón, tuberculoso (...) Volvín co neno nos brazos e co marido case morrendo. Non tiña pra onde ir e viñen pra casa dos meus pais (...) Os meus irmaos estaban todos na casa, estuven oito anos con iles e co meu marido enfermo (...) A penicilina pra poñerlle a él había que ir buscala a Portugal que aquí non a había (...) O papá vendía castiñeiros, vendía carballos e piñeiros pra me dar, porque cando vendía o viño e os becerros facía unha cantidade de prata pero íbase gastando (...) Entonces veu meu sogro que era buenísimo, unha bendita persona e a min queríaime muchísimo e dixo 'Bueno, a carga ten que ir a plazos, agora levo eu pralá o fillo' (...) Pero había unha cuñada na casa que era así apretada, era irmá do meu marido, casada e tiña unha nena (...) Puxéronnos nunha casiña moi velliña que solo tiña a porta e unha ventana (...) O neno xa tiña sete aniños e enfermoume do pulmón tamén (...) E aquela cuñada solo decía: '¡Si seguimos así non quedan nin as tellas na casa, eh! (...) Fun onda o señor abade porque os meus sogros non me daban prata e dixerlle 'Don Manuel, por favor, veñolle pedir un favor moi grande (...) Faime falta diñeiro para levar o S. onda o Varela, que vai cada catro meses e ten que facer análises. E díxome: 'Ai si, si filla! Non te preocupes, que che presto o que queiras, pero tráeme ó teu pai de fianza'. Salín pra fora, ¡choraba lágrimas de sangre! pero o papá non lle dixen nada (...) Entonces había tres ou catro señoras que empezaban a andar traficando con azúcar, arroz, aceite e fariña de estraperlo, vendían a tasa que lle daban cada mes ós da vía (...) Eu empecei andando co estraperlo pola necesidade, empecei a comprar fariña pero non tiñamos en que levala e había que traela á cabeza (...) Aquelo, foi horroroso, desde Parada a Santa Cruz cos sacos na cabeza para coller o Castromil que iba pra Vigo, porque nós íbamos venderla a Cañiza, ou a Vigo cando non quedábamos en Ribadavia que elí vendíamos moito porque hai tanta tienda e non había que comer e compraban todo de estraperlo (...) Fomos moitas veces a Portugal, dalá traíamos azúcar,

roupa e traíamos moito café. As sábanas envolvíamolas arredor de nós para podelas pasar (...) Unha vez colléronnos os gardiñas portugueses: '¡Oie rapariga, ¿qué fan voces aquí?. Fiquen embora pra España, fiquen pra España!'. Eu escapei polos montes abaixo coas nalgas todas sangrado porque si nos collían, quitábannos todo (...) Eu tiña unhas clientas na Cañiza que me fixeran unha encarga de 4 sacas de fariña pro forno, pero tuven a mala suerte dunha vez que carguei moito (...) O Joaquín R. que era o alcalde cando eu non tiña prata que me chegara, prestábama para poder traballar . Porque eu tiña todo empleado, eu compraba patatas, millo, centeo e tiña todo almacenado na casa e íbao vendendo (...) Os da parroquia que non tiñan fiáballo (...) Falei co Fidel que tiña un forno onde daban o pan da tasa, pero ós pobres non llo repartían que estraperlaban a fariña coma demonios e vendéronme catro sacas de fariña de cen quilos (...) Veu co carro dos bois meu cuñado Antonio e levoume as catro sacas de fariña asta Santa Cruz e fun atrevida porque as levei todas xuntas e subímolas no coche pra Cañiza (...) Ó chegar mesmo a Cañiza tuven un chivatazo, denunciáronme por envidia e aínda ben non chegou o coche do Suarez, xa estaba unha parexa da Guardia Civil que me levaron a fariña e a min pro cuartel (...) Pro outro día a mañá marchamos o Joaquín que era o alcalde deiquí de Amoeiro onda o Gobernador de Orense que era amigo do de Pontevedra e díxolle por teléfono: 'Bueno, la multa tiene que pagarla, lo de ir detenida se lo quitaremos, pero la multa tiene que pagarla'. ¡Naqueles tempos paguei catro mil pesetas! (...) Logo xa case non había estraperlo e o meu marido seguía mal, collemos un barciño (...) Pero dábanos poco o bar porque a xente non tiña prata (...) Entonces unha veciña miña dalá da Poboanza marchou pra Venezuela, entrou de cociñeira na casa dunha señora buenísima e díxolle: 'Mire, yo tengo una amiga allá que sabe mucho de enfermería y para cuidar a su hija' porque tiña unha filla retrasada mental que era mala como una perra (...) O barciño daba mil pesetas pero non chegaban porque o meu marido gastaba moitísimo e non facía nada. Entonces díxenlle: '¿Mira que che parece?. Eu botaría un par de anos e gano moito ó cambio porque son 12 pts. por bolivar que é un cambio precioso' (...) Entonces eu arregle os papeles e fun pralá, estiven tres anos e despois víñenme outra vez, pero volvíase acabar a prata e volví pralá (...) E con esto pasou o tempo, faleceu meu marido e eu empecei a traballar alá de enfermera⁴⁰.

⁴⁰ Extraído da memoria de vida de Isolina Fernández Vázquez de Vilaboa (Parada de Amoeiro, Ourense), grabación e transcrición fonética depositadas no Arquivo Oral do ME.R.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

ACEVES, J. E., (1994), "Prácticas y estilos de investigación en la historia oral contemporánea", *Historia Y Fuente Oral*, 12, pp. 143-150.

ARÓSTEGUI, J., (1994), "Violencia, Sociedad y Política: la definición de la violencia", en J. Aróstegui, ed., *Violencia y Política en España*, Ayer, nº. 13, pp. 17-55.

- (1995), *La investigación histórica. Teoría y método*, Crítica, Barcelona.

- (1996), "La especificación de lo genérico. La violencia política en perspectiva histórica", *Sistema*, nº. 132-133, pp. 9-39.

BALBOA LÓPEZ, X.L., e FERNÁNDEZ PRIETO, L., (1990), "Sobre campesinado e capitalismo: ¿Subordinación reciente ou adaptación histórica?", *A Trabe de Ouro*, nº. 3, pp. 73-81.

BAYONA FERNÁNDEZ, G., (1995), "Nuevos planteamientos metodológicos de utilización de la fuente oral en Historia contemporánea", en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant, pp. 109- 116.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., (1996), "Historiografía de la historia local gallega", in Aguirreazkuenaga & Urquijo, eds., *Perspectivas de Historia local: Galicia y Portugal*, Bilbao, pp. 51-71.

BECKER, J. J., (1987), "Le handicap de l'a posteriori", *Les Cahiers de L'IHTP*, 4, París, juin-1987, pp. 95-97.

BERG, M., (1990), "La entrevista como método de producción de conocimientos", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 5-10.

BORRAS, J. M., (1990), *Historia, Fuente y Archivo Oral*, Madrid.

BOÛRDIEU, P., (1986), "L'ilusion biographique", *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 62-63, París, juin-1986, pp. 69-72.

BUENO, M^a. L., (1995), "Reflexiones en torno a la historia de las mujeres, ¿una historia coyuntural?", in C. Barros, ed., *A Historia a debate*, vol. II: el retorno del sujeto, Santiago de Compostela, pp. 285-297.

CARDESÍN DÍAZ, J. M^a., (1992), *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega: siglos XVIII-XX. Muerte de unos, vida de otros*, S.G.T. do MAPA, Madrid.

- (1995), "Campesinado, mercado y Estado. La estructura social de la Galicia rural en el siglo XIX", *Annales. Histoire. Sciences Sociales*, París.

CASO, A., 1997, "Negar la Historia", *El Semanal*, 7 de setembro de 1997.

CASTANHEIRA GATTAZ, A., (1996), *Braços da Resistencia. Uma História Oral da Imigração Espanhola*, São Paulo.

CASTELLS ARTECHE, L., ed., (1995), *La historia de la vida cotidiana*, Ayer, 19, Marcial Pons-A.H.C., Madrid.

CATANI, M., (1990), "Algunas precisiones sobre el enfoque biográfico oral", *Historia y Fuente Oral*, 3, pp. 151-164.

- (1993), "Memoria y biografía. 'Si lo contásemos no nos creerían'. La lección del método de Primo Levi", *Historia y Fuente Oral*, 9, pp. 137-162.

CAUNCE, S., (1994), *Oral History and the Local Historian*, Longman Group, Londres.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L., (1992), *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo.

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R., 1996, *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el Norte de España, 1750-1880*, Santander.

- 1997, "Autoconsumo, mercado y niveles de vida camopesinos en la España atlántica, 1750-1900", *Preactas VIII Congreso de Historia Agraria*, Salamanca, 28-30 de maio de 1997, pp. 57-72.

DUNAWAY, D. K., (1990), "La grabación de campo en la Historia oral", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 63-78.

FERNÁNDEZ BENÍTEZ, V., (1993), "Los lugares comunes en la memoria colectiva", en J.M. Trujillano Sánchez, ed., *Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Actas das III Jornadas de Historia y Fuente Oral, Ávila, 1993, pp. 71-83.

FERNÁNDEZ PRIETO, L., (1992), "A caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ó Capitalismo", *A trabe de Ouro*, nº. 10, pp. 207-218.

- (1992b), *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850- 1939*, Vigo.

- (1994), "Transformacións agràries i canvi social en la Galicia rural contemporània", *Estudis D'Historia Agrària*, 10, pp. 5-25.

- e GIRÁLDEZ RIVERO, X., (1991), "Galicia en el primer tercio del siglo XX: transformaciones agrarias e industriales", en R. Villares, ed., *Historia de Galicia, La época contemporánea*, vol. 4, Vigo, pp. 837-856.

FOLGUERA, P., (1994), *Como se hace historia oral*, Eudema, Madrid.

FRASER, R., (1993), "La historia oral como historia desde abajo", in P. Ruíz Torres (ed.), *La Historiografía*, Ayer, 12, Madrid.

GALLEGO, D., (1993), "pAutas regionales de cambio técnico en el sector agrario español (1900-1930), *Cuadernos Aragoneses de Economía*, pp. 241-276.

GOFF, J. le, (1980), "Las mentalidades. Una historia ambigua" in J. Le Goff e P. Nora, dirs., *Hacer la Historia*, vol. 3, pp. 81-98, Laia, Barcelona.

GRACIA CÁRCAMO, J. (1995): "Microsociología e historia de lo cotidiano" in L. Castells, ed., *La Historia de la vida cotidiana*. Ayer, 19, Madrid.

HALBWACHS, M., (1968), *La Memoire Collective*, P.U.F., Paris.

HAMMER, D. e WILDAVSKY, A., (1994), "La entrevista semiestructurada de final abierto. Aproximación a una guía operativa", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 23-61.

HERVÉS SAYAR, H. et alii, (1997), "Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo", *Noticario de Historia Agraria*, nº. 13, pp. 161-191.

JOUTARD, Ph., (1984), "El tratamiento del documento oral", *Debats*, 10, pp.72-87.

- (1986), *Esas voces que nos llegan del pasado*, F.C.E., México.

- (1995), "L'Histoire Orale: bilan d'un quart de siècle de réflexion méthodologique et de travaux", ponencia presentada no XVIII *Congres International des Sciences Historiques* (Montreal, 1995), recollida en Amado & Ferreira, orgs., *Usos e abusos da Historia Oral*, Rio de Janeiro, pp. 43-62, e tamén en *Historia, Antropología y Fuentes Orales*, 15, 1996, pp. 155-170.

JUANA, J. de, (1993), "La Historia regional y local" in J. De Juana e X. Castro, eds., *Novas fontes, renovadas historias*. VII Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, pp. 11-23;

LEVI, G., (1989), "Usos da Bigrafía" in Amado & Ferreira, orgs., *Usos e abusos da Historia Oral*, pp. 167-182, [traducción de "Les usages de la biographie", *Annales*, 1325-1326, París, nov/dec.-1989).

MIKKA, I., (1988), "Wat on Earth is Oral History?," in J. K. Elliot, ed, *New Trails in History*, Australian Press, Sidney, pp. 124-136.

MONIOT, H., (1978), "La historia de los pueblos sin historia" in J. Le Goff & P. Nora, dirs., *Hacer la Historia*, vol. 1, pp. 117-134, Laia, Barcelona.

MORADIELLOS, E, (1993), "Últimas corrientes en Historia", *Historia Social*, nº. 16, pp. 97-113.

NASH, M., (1991), "Dos décadas de historia de las mujeres en España. una reconsideración", *Historia Social*, 9, pp. 137-161.

NORA, P., (1988), "Memoria colectiva" in R. Chartier, J. Le Goff et alii, *La nueva Historia*, Bilbao, p. 455-458.

NÚÑEZ SEIXAS, X.M., (1993), "La Falange en los años treinta. El fascismo en Galicia. El caso de Ourense, (1931-1936)", *Historia y Fuente Oral*, 10, pp. 143-174.

PASTOR ALFONSO, M^a. J., (1995), "Una Historia no académica", en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant , pp. 31- 37.

PEDRO, J. M. e RAMOS FLORES, M. B., (1995), "Historia, experiencia, narrativa", *Revista Catarinense de Historia*, 3, Brasil, pp. 29-34.

PÉREZ GARCÍA, J.M., (1996), "Idade Moderna", en AA.VV., *Nova Historia de Galicia*, A Coruña, pp. 237-352.

PORTELLI, A., (1989), "Historia y memoria: La muerte de Luigi Trastulli", *Historia y Fuente Oral*, 1, pp. 5-32.

- (1993), "Violencia, imaginación y memoria en un episodio de la guerra partisana", in J. M. Trujillano, ed., *Memoria y Sociedad en la España Contemporánea*, III Jornadas 'Historia y fuentes orales', Fundación Cultural Santa Teresa, Ávila, .pp. 39-49.

PRADA RODRÍGUEZ, X., (1993), "Seixalbo", en M. Wouters, ed., *1936, os primeiros días. Historia oral de Vigo, betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*, Vigo, pp. 111-130.

- e SOUTELO VÁZQUEZ, (1996), "As estratexias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación", en A.G.H., ed., *Historia Nova V*. Actas do V Congreso de Xoves Historiadores de Galicia, Santiago de Compostela, dec-1996, en prensa.

- e SOUTELO VÁZQUEZ, (1997), "Los guías conscientes de una Arcadia perdida: la representación nacionalista de la Galicia campesina, 1908-1931", comunicación presentada ás *Segones Jornades sobre Sistemes agraris, organizació social i poder local als Països Cataláns*, Lleida, en prensa.

PRINS, G., 1991, "Historia Oral", in P. Burke (ed.), *Formas de hacer historia*, Alianza Editorial, Madrid. [esta aportación pode consultarse tamén en *Historia y Fuente Oral*, 9: Historia y Etnología, 1993, pp. 21-43].

RADDING, CH. M., (1989), " Antropología e Historia, o el traje nuevo del emperador", *Historia Social*, 3, pp. 103-113.

RIVAS, A. M., (1991), *Antropología social de Cantabria*, Santander.

ROGER, W., (1986), "Notes on Oral History", *International Journal of Oral History*, 7 (I), pp. 23-28.

ROSENTHAL, G., (1991), "La estructura y la 'gestalt' de las autobiografías y sus consecuencias metodológicas", *Historia y Fuente Oral*, 5, pp. 105-110.

ROUSSO, H., (1996), "A memória não e mais o que era", in J. Amado e M. de M. Ferreira, eds., *Usos & Abusos da Historia Oral*, Fundação Getulio Vargas, Rio de Janeiro, pp 93-101.

SAAVEDRA, P., (1994), *La vida cotidiana en el Antiguo Régimen*, Crítica, Barcelona.

- (1995), "La vida cotidiana en la periferia de la civilización: los campesinos de Galicia en los ss. XVII-XIX" in L. Castells, ed., *La historia de la vida cotidiana...*, pp. 101-133.

SAMUEL, R., (1981), *Historia popular y teoría socialista*, Crítica, Barcelona.

SAN JUAN MESONADA, C., (1994), "Capitalización y modernización de la agricultura española", in J. M. Sumpsi, coord., *Modernización y cambio estructural en la agricultura española*, S.G.T. do MAPA, Madrid, pp. 127-169.

SEGURA, C., (1995), "Algunas cuestiones a debatir sobre la historia de las mujeres", in C. Barros, ed., *A Historia a debate ...*, pp. 299-304.

SOUTELO VÁZQUEZ, R., (1995), "Construyendo la Etnohistoria del mundo rural ourensano. El complejo agro-industrial tradicional de A Ponte Mandrás como estrategia integrada en la economía doméstica del campesinado ourensano: 1880-1970", en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant , pp. 89-98.

- e VARELA SABAS, A., (1995), "As estratexias defensivas do campesiñado galego ante a represión política do agrarismo, 1936-1946", en A.G.H., ed., *Historia Nova III. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, pp. 271-291.

THOMAS, K., (1989), "Historia y Antropología", *Historia Social*, 3, pp. 62-80.

THOMPSON, E.P., (1989), "Folklore, Antropología e Historia Social", *Historia Social*, 3, pp. 81-102.

THOMPSON, P., (1978), *La voz del pasado. Historia oral*, Eds. Alfons el Magnánim, Valencia.

VILLARES PAZ, R., *Foros, frades e fidalgos. Estudos de Historia social de Galicia*, Vigo.

WICKHAM, C., (1989), "Comprender lo cotidiano: antropología social e historia social", *Historia Social*, pp. 115-128.